

HARMONIAS DE WEIRCKMEISTER

Béla Tarr, Ágnes Hranitzky, 2000

1037

ESTREA EN NUMAX: 06.12.2022 | V.O.S.E. | 139 min | +13

Nunha pequena cidade, nun tempo e lugar descoñecidos, os habitantes amósanse inquedaos pola chegada dun misterioso circo ambulante que ameaza con alterar a convivencia nas rúas. Ninguén sabe a ciencia certa se os rumores que acompañan a atracción do misterioso príncipe que viaxa xunto o cadáver dunha enorme balea son certos, pero o nerviosismo e o desasosego van causando efecto na multitude, sempre supersticiosa e facilmente manipulable.

«Un evento cinematográfico inusual,
onírico, altamente recomendable»

Jim Jarmusch



Entrevista con Béla Tarr: «Cando rodas unha película debes escoitar a xente e entendela, ser empático e sensible»

Por Lídea Mello

A composición de imaxes nas súas películas ten como característica os planos longos con imaxes que parecen cadros, por tanto trátase dunha arte que require de tempo para sentila e percibila... Cómteme sobre a importancia do tempo na composición das súas imaxes e sobre como é o seu proceso creativo. Para min o cinema é unha especie de reacción fronte á vida e, certamente, cando se trata de planificar unha película non hai nada que me prohiba a min mesmo nin regra algunha que siga. En primeiro lugar ten que suceder algo que me faga reaccionar, que me provoque... Cando traballas nun filme é fácil que xordan emocións, que sintas certa rabia e necesites expresarte, que queiras comunicar. É importante entender iso. A iso súmanse as localizacións, os actores, os personaxes, as persoas que sairán en pantalla, un número limitado de secuencias... Así que dirixir unha película é, sobre todo, crear situacións humanas reais e, por suposto, comprender a lóxica delas.

É importante crear unha situación humana real para o equipo do filme e permitir que cada un reaccione como o faría un ser humano normal. Nas miñas rodaxes está totalmente prohibido pensar ou ter prexuízos. Cando rodas unha película debes escoitar a xente e entendela. Tes que ser empático e sensible, porque de non ser así... que vas obter? Estarás a rodar unha historia, pero a quen lle interesa iso? A ninguén. A historia non importa, creme; nas miñas películas importa pouco o que ocorre na historia.

A súa maneira de facer películas inspirou a moitos cineastas, en particular ao mexicano Carlos Reygadas, ao estadounidense Gus Van Sant e ao portugués Pedro Costa, mesmo a pesar de que cada un procede dunha cultura e idioma diferentes. Quen o inspira a vostede á hora de filmar? Que outras artes o inspiran? Coñezo ben aos tres. Tanto Pedro (Costa) como Carlos (Reygadas) visitaron a miña escola de cinema de Saraxevo, aínda que nunca falamos das influencias duns e outros, simplemente ceamos xuntos e falamos sobre os estudantes e os proxectos que queremos levar a cabo... A min o que máis me inspira é a vida en si mesma. No seu concepto máis global, a vida é inspiradora, pero está claro que tamén me inflúe a pintura, e ademais a maioría do que sei sobre cinema aprendino da música, do seu concepto do ritmo. A música en realidade non ten trama, nela apenas existe.

Algún pintor que admire en especial? Gústanne Van Gogh e Bruegel, entre outros.

Nunha ocasión dixo: “Quero que os actores sexan libres, pero a cámara debe ser moi precisa”. Quero que os meus actores, as persoas, sexan libres fronte a cámara, deben ter vida, pero non podes pedirles que fagan algo como se fose real. Por outra banda, a cámara debe comprender. Por suposto.

Podes explicar máis o seu método? Preciso que fronte a miña cámara se encontre a vida real, aínda que é obvio que ao mesmo tempo preciso componse secuencias para a película. Dalgún xeito, teño que establecer unha orde para componse pero sen sacrificar a espontaneidade dos actores.